

ACTA DO XURADO DA XXI EDICIÓN DOS PREMIOS MANUEL BEIRAS

O 15 de decembro de 2020, ás 17.00 horas, reúnese o xurado dos Premios Manuel Beiras formado, segundo as bases que rexen este premio, polas seguintes persoas:

Rubén Prol Mariño, concelleiro de Políticas Lingüísticas, que preside a sesión.
Xavier Freire Chico, en representación da Cámara de Comercio.
Xosé Gregorio Ferreiro Fente, designado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Gumersindo Feijoo Costa, en nome da Universidade de Santiago.
Darío Janeiro Pereira, representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
María Traveso Lago, designada pola Mesa pola Normalización Lingüística.
Miguel López Crespo, en representación da Unión de Consumidores de Galicia
Cristian Fernández González, da empresa Strelia, premiada na edición anterior.
Antonio Doñate Mañeru, en representación de Númax, empresa recoñecida en 2019.
Amparo Pérez Díaz, en nome de Cantigas e Agarimos, distinción especial na XX edición dos premios.

Actúa de secretaria a técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago.

Despois de examinar as corenta e dúas propostas de empresas candidatas e das deliberacións oportunas, o xurado resolve conceder o Premio Manuel Beiras ás empresas que se indican a seguir.

Na categoría de **nova incorporación ao galego** á empresa **Revista Pincha**, da que destaca o enfoque fresco e moderno para tratar na nosa lingua contidos de amplo interese social como a cultura e a gastronomía e achegalos especialmente ao público novo.

Na categoría de **empresas cun uso continuado do galego**, a **Dinahosting**, por poñer o galego nas tecnoloxías da información e da comunicación e contribuír a dotalo de ferramentas que o sitúen no panorama dixital, un dos retos principais da nosa lingua.

Na categoría de **empresa cunha comunicación innovadora**, á zapataría **Moksín**, por implantar unha semente de lingua no corazón comercial de Compostela e no sector da moda e arrequentala cuns escaparates onde tradición e vangarda se colocan ao servizo dun relato que nos explica.

Sen máis, remata a sesión ás 19.15 horas, do que, como secretaria dou fe.

A SECRETARIA

O PRESIDENTE